

Unha antoloxía dos poemas que Compostela inspirou en Rosalía

► En ‘Versos a Compostela’, editado por Alvarellos e o Consorcio de Santiago, a capital galega é o referente existencial da poetisa

LV

Versos a Compostela reúne por vez primeira –e en edición bilingüe– os poemas nos que a cidade de Santiago é o referente lírico e existencial de Rosalía de Castro.

Na antoloxía, presentada en 2008, aparece unha Rosalía en estado puro: intimista, moderna e turbadora. Os seus poemas están acompañados de antigas fotografías dun Santiago contradictorio, de sombras queridas mais tamén de sombras odiadas.

A escritora e profesora Helena Villar Janeiro é a responsable da edición literaria e tradución dos textos da obra, mentres que Xesús Rábade Paredes asina un clarificador estudo introdutorio.

No seu día, Villar, tamén presidenta da Fundación Rosalía de Castro, manifestou con respecto a esta obra que “Rosalía son 20 ou 25 poetas nela soa; nesta obra aparece toda ela: traxicamente marcada pola dor, irónica, sarcástica, autora teatral (véxase *A probiña que está soa*”... en definitiva, toda a poética de Rosalía”.

COMO MERCALO

Versos a Compostela pódese adquirir a través da tenda *online* de Alvarellos (www.alvarellos.info) ou tamén nas librerías. Ademais dos versos, a obra inclúe un retrato inédito de Rosalía realizado polo pintor José María Fenollera preto de 1904.

¿sabíasque...?

A antoloxía está dividida en dous bloques -‘Igrexas e Campanas’ e ‘Compostela Río Arriba’- nos que Rosalía fai visións poéticas dos seus lugares favoritos

Recolle algúns dos poemas menos coñecidos da poetisa nada en Santiago en 1837



“ROSALÍA SON 20 OU 25 POETAS NELA SOA E NESTA OBRA APARECE TODA ELA: A IRÓNICA, A SARCÁSTICA...”

Helena Villar, presidenta da Fundación Rosalía de Castro

O retrato inédito de José M^a Fenollera

Esta edición enriquecese, así mesmo, coa recuperación dun retrato inédito de Rosalía: o busto realizado arredor de 1904 polo pintor José María Fenollera. O orixinal está perdido e unha copia foi exposta por vez primeira en 1985 no escaparate do fotógrafo Guitián, na rúa do Vilar, en Santiago. Este trátase do volume 8 da Colección Rescate, publicado en coedición por Alvarellos e o Consorcio de Santiago.

